

## MESA REDONDA: INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS TEMPORAIS

Tal e como informamos na Circular 10/2018 o 2 de maio a Dirección Xeral de Enerxía e Minas publicou unha Instrución moi demandada polos instaladores galegos que aclara e unifica criterios á hora de executar e tramitar as instalacións temporais na nosa Comunidade.

	<b>Diario Oficial de Galicia</b>	
DOG Núm. 84	Mércores, 2 de maio de 2018	Páx. 22798
<b>III. OUTRAS DISPOSICIÓNS</b>		
<b>CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA</b>		
<i>INSTRUCCIÓN 2/2018, do 26 de marzo, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, sobre instalacións eléctricas temporais de baixa tensión.</i>		
As condicións técnicas e as garantías de seguridade que deben reunir as instalacións eléctricas temporais de baixa tensión que se realizan para dar subministración a feiras, exposicións, mostras, casetas, iluminación festiva de rúas, verbenas ou outras manifestacións análogas están reguladas no Real decreto 842/2002, do 2 de agosto, polo que se aproba o Regulamento electrotécnico de baixa tensión (REBT) e as súas instrucións técnicas complementarias (ITC). A ITC BT 34 establece prescricións especiais para elas.		

Coa finalidade de aclarar as distintas dúbidas que poidan xurdir sobre esta Instrución e contando coa colaboración da Xefatura Territorial de Industria da Coruña decidimos crear dúas mesas redondas donde contaremos con técnicos da Xefatura, empresas instaladoras e persoal dos Concellos.

### Programa:

- Presentación da Instrución.
- Obxecto e campo de aplicación.
- Responsabilidades.
- Tipos de instalacións.
- Rexistro das instalacións.
- Requisitos técnicos.

**Luns 11 de xuño de 2018**

**Horario: de 18:30 a 20:30**

Lugar de celebración: SALA RÍAS ALTAS da Confederación de Empresarios de Coruña.  
**Plaza Luis Seoane, Torre 1, 15008 A Coruña**

**Luns 18 de xuño de 2018**

**Horario: de 18:00 a 20:30**

Lugar de celebración: Asociación Área Empresarial do Tambre  
**Rúa Vía Edison 1 15890, Santiago de Compostela A Coruña**

*Se está interesado en asistir envíe un mail solicitándoo a [g.paris@asinec.org](mailto:g.paris@asinec.org)*